

As *Normas de Xestión Académica*, en aplicación do establecido no Real Decreto 1497/87, recollen que para os efectos da realización da libre configuración curricular que establecen os planos de estudo, os alumnos poderán cursar as materias que para tales efectos se establezan, asistir a seminarios ou realizar as actividades que determine a universidade.

O Consello de Goberno aprobou novas normas para o recoñecemento de actividades e estudos de idiomas como créditos de libre configuración, feitas públicas por Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005.

Vista a proposta de recoñecemento da actividade "**AULA PROFESIONAL DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA**" como créditos de libre configuración curricular esta Reitoría adopta a seguinte

RESOLUCIÓN,

PRIMEIRO.- RECOÑECEMENTO DE ACTIVIDADES

Recoñécese a actividade "**AULA PROFESIONAL DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA**", organizada pola Escola Técnica Superior de Enxeñaría da USC, que se vai realizar durante o *curso académico 2008/2009 e seguintes*, para ser imputada como créditos de libre configuración curricular, cunha equivalencia de **1 crédito por cada 30 horas ata un máximo de 3 créditos**.

SEGUNDO.- TITULACIÓNS ÁS QUE SE PODE IMPUTAR

Os créditos de libre configuración que recoñece a presente Resolución poderanse imputar ós alumnos das titulacións de Enxeñaría Química e Enxeñaría Técnica en Informática de Sistemas.

Non se poderá recoñecer esta actividade aos alumnos que xa teñan recoñecida a actividade AULA PROFESIONAL DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA, código 2008/01

TERCEIRO.- RESPONSABLE ACADÉMICO

Ós efectos do disposto na alínea 15 das Normas para o Recoñecemento de Actividades como Créditos de Libre Configuración (Resolución Reitoral do 24 de xuño de 2005), figurarán como responsables académicos universitarios don Juan Garrido Fernández e don Antonio Mosquera González profesores da Escola Técnica Superior de Enxeñaría.

CUARTO.- CERTIFICACIÓN E INFORMACIÓN

A acreditación da actividade reflectirase mediante acta asinada polo responsable académico, que será enviada ó Servizo de Xestión Académica enviándoa este ás Unidades de Xestión Académica. Na citada acta, ademais da data desta resolución pola que se autoriza o recoñecemento, deberá indicar o código da actividade que será **2008/148**.

Para os efectos de información os alumnos deben dirixirse á ETSE rúa Lópe Gómez de Marzoa s/n, Campus Sur, 15782 Santiago, Telf.: 981 563 100, ext. 16780.

QUINTO.-RECOÑECEMENTO.

Para o recoñecemento de créditos os alumnos presentarán a solicitude na unidade de xestión académica onde se lles expedirá o impreso de liquidación de prezos públicos. Aboados os prezos públicos o recoñecemento farase de plano e sen máis trámite.




Santiago de Compostela, 16 de setembro de 2008

O REITOR

(P.d.r.r do 31 de xullo de 2007)

VICERREITOR DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS



Lourenzo Fernández Prieto

SRA. SECRETARÍA XERAL - SR. VICERREITOR DE OFERTA DOCENTE E ESPAZO EUROPEO - SRA. DIRECTORA DA ESCOLA TÉCNICA SUPERIOR DE ENXEÑARÍA - SR. XEFE DO SERVIZO DE XESTIÓN ACADÉMICA - SR. XEFE DOS SERVIZOS INFORMÁTICOS - SR. DIRECTORA OFICINA DE INFORMACIÓN UNIVERSITARIA - SR. XEFE DO SERVIZO DA ASESORÍA XURÍDICA - SRA. XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADÉMICA DO CAMPUS SUR - OFICINA DE ANÁLISE DAS RECLAMACIÓNS.